



MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL 2023

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2022, cun importe de 1.317.775 euros no Estado de Ingresos e de 1.317.775 euros no Estado de Gastos, acompañado desta Memoria na que se explican as modificacións máis esenciais que foron introducidas respecto ao exercicio anterior:

ESTADO DE GASTOS

A) ESTADO DE INGRESOS			
CLASIFICACIÓN ECONÓMICA.- RESUMO POR CAPITULOS.			
CAP	DENOMINACIÓN	%	PREVISIÓN
	A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		
	A.1) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	12,6%	185.000
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	0,3%	5.000
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	13,0%	190.513
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	51,7%	759.700
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	1,0%	14.400
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	78,5%	1.154.613
	A.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS REAIS	0,0%	0
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	19,6%	287.425
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	19,6%	287.425
	TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	98,1%	1.442.039
	B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS		
9	PASIVOS FINANCEIROS	1,9%	28.000
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	1,9%	28.000
	TOTAL ESTADO DE INGRESOS (A+B)	100,0%	1.470.038,83



ESTADO DE INGRESOS

CAP	DENOMINACIÓN	%	CREDITO
	C) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		
	C.1) GASTOS CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	37,9%	557.000,39
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	30,9%	454.964,00
3	GASTOS FINANCEIROS	0,7%	9.742,41
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,7%	10.500,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA ORZAMENTARIA	0,0%	0,00
	TOTAL GASTOS CORRENTES	70,2%	1.032.206,80
	C.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	INVERSIÓNS REAIS	21,7%	319.000,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,0%	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	21,7%	319.000,00
	TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	91,9%	1.351.206,80
	D) OPERACIÓNS FINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,5%	8.000,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	7,5%	110.832,03
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	8,1%	118.832,03
	TOTAL ESTADO DE GASTOS (C+D)	100,0%	1.470.038,83

DOS GASTOS

CAPÍTULO I.- Con respecto ao **gasto de persoal** existe correlación entre os créditos do Capítulo I de Gastos de Persoal, incluídos no Orzamento e o Anexo de Persoal desta Entidade Local para este exercicio económico, sendo o seu importe global de 557.000,39 euros, supoñendo un 38,1% do orzamento. O persoal temporal de Incendios e de contratación do Aprox Rural e Empregabilidade fai subir este concepto. As subvencións recibidas para persoal ascenden a 201.258 €

Destaca o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar cun importe de 214.854€.

CAPÍTULO II.- Fíxose un esforzo de contención de **gasto en bens correntes e servizos**, consignando no orzamento Municipal de 2022, para este tipo de gastos, crédito por importe de 454.964€ euros; o que representa o 31% do orzamento. Destaca o pago canon auga e sanción polo mesmo 46.000 €, así como os custes electricidade e combustibles.



O total dos créditos orzamentarios consignados por operacións correntes e os gastos derivados do funcionamento dos servizos existentes no Concello de A Mezquita poden considerarse suficientes para atender as obrigas esixibles á Corporación.

CAPÍTULO III.- Os **gastos financeiros** recollidos neste Capítulo refírense ás consignacións de pagos de intereses e gastos dos préstamos contratados pola Entidade.

CAPÍTULO IV.- As **transferencias correntes** comprenden os créditos por achegas do Concello sen contra prestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes basicamente emerxencia social e participación veciñal.

CAPÍTULO VI.- Consignáronse no Estado de Gastos do Orzamento de 2022 **inversións reais** por un importe de 319.000 euros, financiadas con recursos afectados procedentes de subvencións ou transferencias de capital (287.425,4 euros) e con recursos propios.

Os créditos orzamentarios para Inversións Reais supoñen o 21,6% do total do Orzamento.

Na actual conxuntura económica supón un esforzo inversor importante en obra pública destacando a posta en marcha de proxectos produtivos de fomento de emprego e dinamización económica e comercial, ou de atención ás propostas veciñais de Entidades e Asociacións.

CAPÍTULO IX.- Comprenden os **pasivos financeiros** os gastos por amortización de pasivos financeiros, devolución de depósitos e finanzas. A amortización do Préstamo unificado no Banco Santander cun importe de 81.665,19 € é un esforzo importante que reducir da débeda co ICO.

DOS INGRESOS

CAPÍTULO I. Os **impostos directos** comprenden o Imposto de Bens Inmóbeis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica. Os ingresos que proveñen destes impostos **directos** ascenden a 185.000€

CAPÍTULO II . Os ingresos que proveñen dos **impostos indirectos** proveñen do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e ascenden a 5.000 euros.

CAPÍTULO III. Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de **taxas e outros ingresos** ascenden a 190.513,43 euros, calculáronse tendo en conta os dereitos que se prevén liquidar no exercicio actual e as tarifas aprobadas polo Pleno desta Corporación que manteñen as existentes sen consignación de incrementos.

CAPÍTULO IV. O total de ingresos previstos no Capítulo IV por **transferencias correntes**, prevese que alcance a cifra total de 759.700€ euros, e significa o 51,7% do orzamento. Contéplase a transferencia do Plan Único de Obras e Servizos da Deputación Provincial de Ourense para amortización de débeda.

CAPÍTULO V.- Os **ingresos patrimoniais** proveñen de créditos bancarios cun peso simbólico.



CAPÍTULO VII.- o Capítulo VII de **Transferencias de Capital** do Orzamento de Ingresos calculouse en base ás posibles subvencións que prevén que se concedan, ou no seu caso concedidas polas Entidades Públicas, ascendendo a 287.425 euros.

CAPÍTULO IX. O **pasivo financeiro** ven reflectido polos ingresos provenientes de fianzas por importe de 20.000 euros. Non se contempla a formalización de novos préstamos.

O orzamento do Concello de A Mezquita para o exercicio 2023 sigue concentrando os seus esforzos na dinamización económica e xeración de emprego e na oferta dun capital social básico cun amplo abano de servizos públicos municipais de calidade.

En relación ao emprego o concello seguirá actuando de locomotora da economía local e apostará pola xeración de emprego en programas que poidan permitir unha oportunidade de ocupación ás persoas desempregadas, Obradoiro de emprego, Aprox Rural, Brigadas de Incendios e Empregabilidade son os principais programas.

O cambio a luminarias LED en todo o Concello permitiu mellorar o alumeadado público e reducir consumo.

No orzamento 2023 contemplamos accións de dinamización económica favorecendo o sector primario, o comercio de A Mezquita e a dinamización turística do Concello.

Prestarase asímesmo unha especial atención ás políticas de Benestar Social con múltiples programas e as actividades de igualdade e non discriminación da muller.

No presente orzamento contéplanse diferentes programas de dinamización cultural para incidir nunha mellor calidade de vida para os nosos veciños e veciñas.

A Mezquita, a 10 de novembro de 2022.

O Alcalde

Rafael Pérez Vazquez.

(Asinado dixitalmente na marxe.)